

ELIZABETH VON ARNIM

# Os caravanistas



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2023.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

Irmás Cartoné, 2024

Título orixinal: *The Caravaners*

Tradución do inglés: Celia Recarey Rendo

Corrección: Beatriz Fariñas Garrote

Deseño de cuberta: Carlos Valdés García

Deseño e maqueta: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-126247-8-6

Dep. legal: C 1190-2024

Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido desta obra sen a autorización por escrito dos titulares do Copyright ©.

ELIZABETH VON ARNIM

*Os caravanistas*

*Traducción de Celia Recarey Rendo*









## I

En xuño deste ano houbo uns poucos días de bo tempo e supuxemos que o verán chegara por fin. Isto fíxonos sentir que o noso piso (que en verdade é un piso moi agradable e ben distribuído situado no segundo andar da esquina que dá ao cemiterio, e que non resulta nada abafante) non era, no fin de contas, máis que un lugar aburrido, e pensarmos con certa saudade no campo. Era o ano do noso quinto aniversario de voda e, como decidíramos celebrar a ocasión cunha viaxe ao estranxeiro na auténtica temporada de vacacións, en agosto, non podíamos permitírnos, nin desexabamos, gastar diñeiro en viaxes ao campo no mes de xuño. Así pois, a miña muller suxeriu que dedicásemos unhas cantas tardes a unha serie de excursións breves dentro dun radio de, digamos, unhas cinco ou dez millas na volta da nosa cidade e visitásemos unha tras outra aquelas das nosas amizades que viven suficientemente preto de Storchwerder e cultivan as súas terras.

—Deste xeito —dixo—, gozaremos de moito aire libre por pouco diñeiro.

Tras un tempo, accedín. Non inmediatamente, por suposto, pois un home razoable sempre procura considerar as suxestións que lle fai a súa esposa desde todos os puntos de vista antes de consentir en seguilas ou permitirlle a ela que as

siga. As mulleres non razoan, teñen instintos, e os instintos levaríanas ás veces a lugares estraños se non estivesen aí os seus maridos para iluminarlles o camiño e actuar, se se me permite expresalo así, como unha especie de vagalume intelixentísimo que lles serve de guía. Canto ás que non lograron conseguir marido, as sobras e refugallos, por así dicilo, do seu sexo, o único que podo dicir é: que Deus as axude.

Porén, neste caso non había nada que dicir en contra da idea de Edelgard; ao contrario, había moito que dicir a favor. Gozariamos de aire libre, daríannos de comer (ben e, se así o quixésemos, até o exceso, aínda que, por suposto, sabemos ser razoables) e non pagaríamos nada. Como comandante do rexemento de artillaría con base en Storchwerder, estou obrigado de todos os xeitos a manter un par de cabalos (alimentados por conta do rexemento) e tamén, de acordo coa orde natural das cousas, teño un dos homes do meu batallón no piso como servente e cocheiro, que pouco máis me custa que a mantenza e que pode abandonar o posto sen previo aviso. Por tanto, o único que nos faltaba era un vehículo e podíamos, como Edelgard mencionou, pedirle emprestado o faetón ao coronel por unhas tardes e así completariamos o noso equipamento sen gastarmos un can.

As facendas da contorna de Storchwerder son grandes, e calculamos que con cinco visitas cubriríamos todo o noso círculo de amizades campestres. Podería haber unha sexta, pero por razóns coas que eu concordaba por completo, a miña muller decidiu non incluíla. Hai que poñer límites, e non me parece mala definición dun cabaleiro ou dunha dama a de ser quen de poñelos. De feito, Edelgard tiña certas dúbidas de se debían ser cinco sequera, pois unha desas cinco (neste caso, non o propietario da facenda, senón o irmán da dama viúva



que a posúe, que vive con ela e coida dos seus intereses) é unha persoa que non nos agrada demasiado a ningún dos dous, pois non só é pouco recomendable politicamente, cunha clara preferencia, oprobiosa nun home da súa nacemento e que apenas se molesta en ocultar, polas opinións que as clases medias e as xentes de corte socialista denominan (que Deus nos ampare!) ilustradas, senón que ademais carece da capacidade ou da vontade —Edelgard e mais eu nunca demos sabido cal das dúas— necesarias para levar a súa irmá polo rego. Porén, levar polo rego a muller da que un é responsable, xa sexa irmá, esposa, nai ou filla, ou mesmo, baixo certas circunstancias favorables, tía (raza en ocasións difícil, como se pode ver no caso da tía Bockhügel de Edelgard, da que talvez fale polo miúdo máis adiante), é bastante doado. Só é cuestión de comezar a tempo tal e como se pensa continuar, e de se amosar especialmente firme cando un menos se sente así por dentro. É tan doado que eu nunca puiden entender a dificultade. É tan doado que cando a miña muller, mentres eu escribía sobre este punto, me trouxo o meu pan con xamón e manteiga das once e me interrompeu mirando por riba do meu ombreiro, eu sorrín, co pensamento aínda posto neste tema, e, colléndolle a man que pousara o prato, dixeron:

—Acaso non é así, miña esposa querida?

—O que? —preguntou ela; unha pregunta bastante estúpida, ao meu ver, pois lera o que eu escribira até o final. Despois, sen darme tempo a responder, dixo—: E logo non vas escribir sobre as nosas experiencias en Inglaterra, Otto?

—Certamente —dixeron.

—Para distribuílas entre a nosa parentela o inverno que vén?

—Certamente —dixen.

—E logo non sería mellor que comezases?

—Querida esposa —dixen eu—, iso é o que estou a facer.

—Entón —repuxo ela—, non perdas o tempo en reviravoltas.

E, en sentando a carón da fiestra, retomou a súa tarefa de ampliarlles os escaves ás miñas camisas.

O comentario, se se me permite a observación, foi ácido. Antes de ir a Inglaterra nunca fora ácida. Pero permítanme continuar.

Pregúntome que quere dicir co das reviravoltas. (Por suposto, revisarei todo isto e, sen dúbida, eliminarei algunha parte.) Pregúntome se quere dicir que debería comezar dando o meu nome e enderezo. Parece innecesario, pois para as xentes de Storchwerder son tan coñecido como o carteiro. Por outra parte, este é o meu primeiro intento (cousa que explica por que me pregunto que pode querer dicir Edelgard; os principiantes facemos ben en sermos humildes, supoño) de facer aquilo que as xentes poéticas, literarias e demais chaman, segundo creo, seducir a musa. Que expresión! E pregúntome que musa. Gustaríame preguntarlle a Edelgard se ela... pero non, case parecería que lle pido consello, cousa que é inverter as posicións apropiadas de home e muller. Así que, neste punto, en lugar de adoptar un rumbo que con tanta facilidade levaría ao desastre, virei a cabeza e dixen tranquilamente:

—Esposa querida, as nosas experiencias inglesas comezaron coas visitas aos veciños. De non ser por esas visitas, probablemente non veríamos a *frau* Von Eckthum en todo o verán pasado e, de non estarmos ao alcance da súa persuasiva lingua,

iriamos celebrar o noso aniversario de voda a Italia ou a Suíza, como tantas veces planearamos, e deixariamos esa maldita illa do outro lado do canal en paz.

Calei, e como Edelgard non dicía nada, que é o que di cando non está moi convencida de algo, prosequín coa paciencia que sempre lle mostro até o punto en que podería converterse nunha debilidade, para explicarlle a diferenza entre os precisos e concienciados métodos dos homes, o seu gusto por ir á raíz dun asunto e comezar polo verdadeiro principio, e as saltariqueiras tendencias das mulleres, que se lanzan a cousas como extraer conclusións sen prestarlles a menor atención a todos os lugares importantes que pasaron por alto mentres estaban, por así dicilo, no aire.

—Pero chegamos antes —dixo Edelgard.

Engurrei un pouco o cello. Hai uns meses —é dicir, antes de pisarmos solo británico—, non me retrucaría desa maneira. Antes nunca replicaba e, en consecuencia, a harmonía da nosa vida matrimonial nunca se vía turbada. Creo que me viu engurrar o cello, pero non dixo nada, outra novidade no seu comportamento. Así, tras agardar un momento, decidín continuar coa narración.

Pero antes de abordala directamente, gustárame explicar por que nós, un oficial e a súa esposa, a quen por natureza non lles agrada gastar diñeiro, consideramos unhas vacacións tan custosas como unha viaxe ao estranxeiro. O caso é que había moito tempo que tiñamos mentes de facer tal viaxe no noso quinto aniversario de casados, e pola seguinte razón: antes de casar con Edelgard, fora viúvo un ano, e antes de ser viúvo estivera casado nada menos que dezanove anos. Dito así parecería que debo ser vello, pero non é preciso que lles lembre

aos meus lectores, que me ven constantemente, que non son tal. As mellores testemuñas son os ollos. Ademais, eu comecei a casar a unha xuventude pouco habitual. A miña primeira esposa era unha Lunewitz de Mecklenburg, a rama máis antiga (e infinitamente superior). Se vivise, celebraríamos as nosas vodas de prata o ano pasado, o primeiro de agosto, e agasallariánnos con moita festa e moita ledicia, e recibiríamos moitos axeitados regalos de prata dos nosos parentes, amizades e coñecidos. O rexemento veríase na obriga de recoñecer a data, e talvez os nosos dous serventes se xuntarían para expresarnos o seu cariño en metálico. Sinto que perdín todo isto, e non por culpa miña. Non vexo por que se me debería privar de todos os beneficios de semellante celebración, pois acaso non levo, cunha interrupción de doce meses que me foi imposta, vinte e cinco anos casado? E por que, só porque a miña pobre Marie Luise non puidese seguir vivindo, debería eu acadar o elevado número de (practicamente) vinte e cinco anos de matrimonio sen recibir o menor recoñecemento? Levaba moito tempo explicándolle isto a Edelgard, e canto máis se achegaba a data en que, de seguir a orde natural das cousas, recollería a miña colleita de prata e estaría en posición de avaliar a estima que se me tiña, máis fíncapé facía no tema. Ao principio, Edelgard non parecía quen de me entender, pero tiña unha gran capacidade de aprendizaxe e pouco a pouco viu que a miña lóxica era irresistible. Efectivamente, en canto comprendeu o meu argumento, puxo incluso máis empeño ca min en que había que facer algo para celebrar a ocasión e entendeu que se Marie Luise me fallara non era culpa miña e que eu, polo menos, cumprira coa miña parte e seguira casado desde entón. De recoñecer isto a indignarse porque probablemente as nosas amizades non lle prestarían a menor atención ao aniversario só houbo, para ela, un paso. E moitas foron as conversas que

tivemos ao respecto, e moitas as ideas que propuxemos ambos para convenceremos as nosas amigas do noso punto de vista. Finalmente, decidimos que, por moito que eles ignorasen a ocasión, nós, pola nosa parte, faríamos o correcto e, en consecuencia, planeamos unha viaxe de vodas de prata a Italia, a terra do verdadeiro romanticismo, que daría comezo o primeiro de agosto, que era a data en que casara vinte e cinco anos antes con Marie Luise.

Tratei este tema con certo detalle porque desexo explicar-lles con claridade aos parentes aos que lles emprestemos este texto por que emprendemos unha viaxe tan extravagante no curso normal das cousas. Feito isto de xeito satisfactorio, ou iso espero, procederei agora coa narración.

Pedímoslle o faetón ao coronel. Escribín cinco cartas para anunciar a nosa visita e preguntar (mera formalidade, por suposto) se sería do agrado dos anfitrións. As respostas chegaron asegurándonos en todas as tonalidades de ben educado entusiasmo que o sería. Vestín o meu uniforme de gala, Edelgard puxo as súas novas galas de verán, démoslle instrucións detalladas a Clothilde, a nosa cociñeira, e axudámoslle a seguilas gardándoo todo baixo chave, e alá partimos, embebedos do espírito das vacacións, conducidos por Hermann e observados por toda a rúa.

En todas as casas fomos recibidos coa hospitalidade merecida. Eran todas familias da nosa mesma posición, membros da cabaleirosa, temerosa e ben nacida clase que mantén as mellores tradicións da Patria e se congrega en espírito, se non (debido ás circunstancias) en carne e óso, como unha falanxe protectora arredor do trono do noso Emperador. Primeiro tomabamos café e tortas e bocadillos variados (nunha

das casas non había bocadillos, só tortas, e Edelgard e mais eu comentamos esta inexplicable omisión ao volvermos para a casa); despois o noso anfitrión levábame ver os porcos, as vacas ou o que fose que constituía o seu maior orgullo, e mentres eu estaba fóra, Edelgard sentaba na herba ou na terraza ou alí onde a familia adoitase sentar (só unha tiña terraza) e conversaba sobre as cuestións que lle interesan ao xénero feminino, como Clothilde e Hermann e non sei que máis; despois, tras esgotar os porcos e, pola miña vez, verme esgotado por eles, pois naturalmente non se pode agardar que un oficial prusiano en servizo activo sinta o mesmo interese por esas criaturas mentres están crúas que un home que lles dedica a súa vida, reuniámonos coas damas e recreabámonos na charla máis lixeira e axeitada ás nosas oíntes sobre as terras, tratando de escorrentar os mosquitos cos nosos panos até que nos chamaban para cear. E despois da cea, que normalmente consistía nun excelente prato quente e unha variedade de pratos fríos, precedidos por un *bouillon* en cuncos e seguidos por algún elegante doce e boa froita (agás na casa de *frau* Von Eckthum, a nosa xuvenil viúva local, onde serviron unha cea corrente de seis ou sete pratos, pois ela é coñecida por ser ultramoderna, e a súa irmá casou cun inglés). Despois da cea, repito, tras sentar un anaco a fumar na herba ou na terraza a tomar café e licores e congratulándonos en segredo por non ter que convivir na cidade con tantos e tan famentos mosquitos, despediámonos e volvíamos para Storchwerder, sempre refrescados e ás veces tamén compracidos.

A derradeira destas visitas foi a *frau* Von Eckthum e ao seu irmán *graf*<sup>o</sup> Flitz von Flitzburg, quen, como é ben sabi-

---

\* En francés, «caldo». (*Todas as notas son da tradutora.*)

\*\* Título nobiliario alemán equivalente ao de conde.

do, como non está casado, vive con ela e administra a facenda deixada polo defunto Eckthum, calzando así uns zapatos tan cómodos que sería máis acaído chamarlles pantuflas. Todo fora ben até aquel momento, e non fun consciente até moito máis tarde de que aquela visita non fora ben, pois só ao mirar atrás vemos a distancia que levamos percorrida e o punto en que o camiño, ao principio tan prometedor, nos conduciu, antes de poder decatarnos de onde estabamos, a un pedregoso páramo. Durante as nosas primeiras catro visitas faláramos, como é natural, do noso plan de viaxar a Italia en agosto. As nosas amizades, obviamente sorprendidas, e coa expresión no rostro que provén de pensar en herdos, primeiro aplaudían a idea e despois comentaban que talvez fixese demasiada calor. Agosto, dicían, sería un mes insoporable en Italia: alá onde fósemos non bateríamos cun só alemán. Non nos decatáramos disto antes e, tras a decepción inicial, escoitamos de bo grado o consello de escoller mellor Suíza, cos seus excelentes hotéis e moreas de compatriotas. Varias veces no curso destas conversas tratamos de explicar a natureza nupcial da nosa viaxe, pero as explicacións foron recibidas con tal mostra do que teño a forte sospeita de que era unha voluntaria estolidez que, para o noso desgusto, comezamos a ver que probablemente non había nada que facer. Edelgard dicía que oxalá se lles ocorrese pensar que se, debido ás inusuais circunstancias, non tiñan intención de regalarnos cinceiros e caixas de mistos, podían contribuír a sufragar o custo da viaxe de vodas de tan respectables noivos de prata; pero non creo que en ningún momento tivesen a menor intención de facer nada por nós... ao contrario, incomodáronnos bastante coas sumas que afirmaban que teríamos que desembolsar. E como na derradeira visita (a *frau* Von Eckthum) casualmente lamentamos a

cantidade de bo diñeiro alemán que nos ían sacar os pícaros suízos, a nos anfitrioa (*frau* Von Eckthum) dixo:

—Por que non veñen a Inglaterra?

Nese momento estaba tan enfrascado en reprobar mentalmente o xeito en que estaba recostada nunha cadeira baixa de xardín cun pé cruzado por riba do outro e ambos enfundados nunhas medias tan finas que ben podía non levar media ningunha que non reparei de inmediato no rechamante uso dese «veñen». «Van», por suposto, sería o verbo habitual e agardado nesa situación, pero a substitución, repito, escapoume nese momento porque tiña a atención posta noutro sitio. Nunca vira uns zapatos tan pequenos. Ten dereito unha muller a posuír unhas extremidades conspicuas? Tan conspicuas —as mans de *frau* Von Eckthum tamén resultan facilmente absorbentes— que o volven a un incapaz de seguir unha conversa? Dubídoo, pero é unha muller atractiva. Alí estaba Edelgard, sentada ben irta e decorosa, a flor perfecta da máis estrita e virtuosa feminidade xermana, cos pés debidamente colocados un de par do outro sobre a herba, e vestidos, como ben sabía eu, con decentes medias de la e as botas sen tacón da boa dama cristiá; e debo dicir que este tipo de muller é preferible —como esposa, quero dicir—. Pregunteime se Flitz notaba o contraste entre as dúas mulleres. Boteille unha ollada, pero o seu rostro, como decote, non expresaba absolutamente nada. Pregunteime se sería ou non quen de facer sentar ben a súa irmá, se o desexaba; e por centésima vez sentín que xamais podería agradarme realmente aquel home, pois desde o punto de vista dun irmán, unha muller debería sen dúbida sentar ben recta. Con todo, é unha muller atractiva, malia que as súas medias sexan tan insistentemente finas.



—Inglaterra —oínlle dicir a Edelgard— non me parece un lugar adecuado.

Foi entón cando fun consciente de que *frau* Von Eckthum dixera «veñen».

—Por que non? —preguntou. A súa sinxela maneira de preguntar, ou de responder con outras preguntas sen se parar a adornalas ou rematalas engadindo o título da persoa á que se dirixe, contribuíu, seino, á súa impopularidade nos círculos sociais de Storchwerder.

—Teño oído —dixo Edelgard con cautela, sen dúbida tendo en conta que a uns anfitrións cuxa irmá casara cun cidadán inglés con quen aínda vivía non lles ía un dicir todo o que lle gustaría ao respecto—, teño oído que non é o lugar adecuado para ir se o que un busca son paisaxes.

—Ah —dixo *frau* Von Eckthum. Despois engadiu, intelixentemente, ao meu parecer—: Pero paisaxes sempre hai.

—Edelgard refírese a paisaxes nobres —dixen eu con xentileza, pois ambos tiñamos nas mans senllas cuncas de té dos Eckthum (esta era a única casa en que nos facían tomar té en lugar da nosa aromática e moito máis substanciosa bebida nacional) e sempre consideramos que non se debe contrariar as persoas de cuxa hospitalidade se está a gozar.

—Ou inmarcesibles —engadiu Edelgard, moi aguda, como lle comentei de camiño á casa.

—Ou inmarcesibles —concordei eu tras unha leve pausa, levado pola reflexión a decatarme de que non é verdadeira hospitalidade obrigar as visitas a pasar sen café botando man da indigna e bárbara medida expeditiva de non permitir que

se sirva. Pero, por suposto, iso era cousa de Flitz. Compórtase moito de máis, ao meu ver, como se estivese na súa casa.

Flitz, que coñece ben Inglaterra, pois pasou varios anos na nosa embaixada alí, dixo que era o país máis encantador do mundo. A antipatriótica insinuación que contiña semellante afirmación fixo que Edelgard e mais eu intercambiásemos unha mirada e sen dúbida ela pensou, coma min, que mal e triste día sería para Prusia aquel en que moitos dos seus cabaieiros tivesen irmás que contraesen imprudente matrimonio con estranxeiros, pois o cuñado estranxeiro con frecuencia constitúe a parte fina desa cuña que, no seu extremo máis grosso, é a negación do noso dereito a considerarnos expresamente creados por Deus Todopoderoso para ocuparmos o primeiro lugar entre as nacións, e o rexeitamento (que eu mesmo lle teño oído a un home expresar nun mitin), o rexeitamento real —que só podo cualificar de espantoso— da gloriosa argamasa de sangue e ferro mediante a que pretendemos asentarnos nel.

—Pero eu estaba a pensar principalmente —dixo *frau* Von Eckthum, coa cabeza ben apoiada nos coxíns e os ollos fixos, pensativa, nas nubes estivais que navegaban sobre as nosas cabezas— no que comentaban vostedes sobre os gastos.

—Miña querida señora —dixen—, todas as persoas que foron me dixeron que as vacacións máis caras que un pode facer son unha viaxe a Inglaterra. Os hoteis déixano a un na ruína, ademais de seren malos; as comidas son incomestibles, ademais de caras; os taxis custan unha fortuna e os paisanos son maleducados.

Falei acaloradamente porque estaba (xustamente) irritado pola actitude antipatriótica de Flitz, pero cun acaloramento temperado polo indubidable (Storchwerder non o pode

negar) atractivo persoal da nosa anfitrioa. Por que non son atractivas todas as mulleres? Que mansos cordeiros serían os membros do noso sexo se o fosen.

—Benquerido barón —dixo ela coa súa bonita e suave voz—, veña e compróbeo por vostede mesmo. Penso que me agradaría convertelo. Mire isto —colleu un xornal que había sobre a herba, onda o seu asento, abriuno e ensinoume unha estampa—, parécelle bonito? E se quere aforrar, só custa catorce libras ao mes.

A imaxe que me amosou gardaba unha gran semellanza coas carretas xitanas que a nosa policía local anda decontino (e con moita razón) a mandar para outro lugar; un pouco menos charramanguera quizais, un tanto máis cadrada e robusta, pero sen dúbida parente próxima destas.

—É unha caravana —dixo *frau* Von Eckthum en resposta á pregunta que contiñan as miñas cellas e, pasando a páxina, amosoume outra imaxe que representaba o interior do mesmo vehículo.

Edelgard ergueuse e mirou por riba do meu ombreiro.

O que vimos era, certamente, moi bonito. Así o dixo Edelgard de inmediato. Había cortinas de flores, un andel con libros, un asento cómodo cun coxín a carón dunha xanela grande e, ao fondo, dúas bonitas camas colocadas unha enriba doutra como nun navío.

—Unha cousa como esta —dixo *frau* Von Eckthum— elimina de vez hoteis, camareiros e gastos. Un mes enteiro para dúas persoas custa catorce libras, e pasa un os días todos ao sol.

Despois explicou o seu plan, que era alugar un daqueles vehículos para o mes de agosto e levar unha existencia

completamente libre e bohemia durante ese tempo, percorrendo as corredeiras inglesas, que describiu como floridas, e deténdose a pasar a noite nalgún lugar remoto preto dalgún pequeno regato cuxo lizgairo correr probablemente a arrolaría no seu sono, como Edelgard, sempre facilmente movida ao sentimentalismo, suxeriu.

—Veñan vostedes tamén —dixo alzando cara a nós un sorriso.

—Catorce libras son douscentos oitenta marcos —dixen, calculando mentalmente.

—Para dúas persoas —dixo Edelgard, que obviamente estaba a facer o mesmo.

—Sen hoteis —dixo a nosa anfitríoa.

—Sen hoteis —repetiu Edelgard.

—Só preciosos campos verdes —engadiu a nosa anfitríoa.

—E sen camareiros —dixo Edelgard.

—Certo, sen camareiros horribles —concordou a nosa anfitríoa.

—Os camareiros son tan caros! —exclamou Edelgard.

—Non terían que ver ningún diante —dixo a nosa anfitríoa—. Só algunha agradable rapaciña cun mandil limpo a traer ovos e nata dalgunha granxa. E pode unha moverse todo o tempo e ver o país dunha maneira en que non é posible indo dun sitio a outro en tren.

—Pero —interpuxen con perspicacia— para movernos algo debe tirar de nós ou empurrarnos, e ese algo tamén haberá que pagalo.

—Si, claro, ten que haber un cabalo. Pero pense en todos os billetes de tren que non comprará e en todos os mozos de estación aos que non lles dará propina —dixo *frau* Von Eckthum.

Edelgard estaba claramente impresionada. De feito, ambos o estabamos. Se había que decidir entre ir a Inglaterra por pouco diñeiro ou a Suíza por moito, criamos unanimemente que era mellor ir a Inglaterra. Ademais, percorrela nun daqueles vehículos era algo tan absolutamente orixinal que seríamos obxecto do maior dos intereses durante as posteriores festividades invernaís en Storchwerder. «Os Von Ottringel son, sen dúbida, o cumio da modernidade», xa podíamos oírllas dicir ás nosas amizades, e xa podíamos ver nas nosas mentes como se congregarían arredor de nós nas *soirées* para bombardearnos con preguntas. Seríamos o centro de atención.

—E pensa nos reiseñores! —exclamou Edelgard, lembrando de súpeto eses poéticos paxariños.

—En agosto sonlle como os alemáns en Italia —dixo Flitz, a quen lle mencionara o noso motivo para abandonar a idea de viaxar a ese país.

—En que sentido? —preguntou Edelgard virándose cara a el coa leve e instintiva rixidez que adopta toda dama alemá verdadeiramente virtuosa ao falar cun home co que non garda parentesco (sanguíneo).

—No de non estaren —dixo Flitz.

Por suposto, en canto tivemos ocasión de consultar a nosa enciclopedia na casa soubemos tan ben coma el que non cantan en agosto, pero non vexo como os habitantes das cidades han de manter este tipo de minucias roldando pola cabeza.

En Storchwerder non temos ese tipo de paxaro e, polo tanto, non temos a oportunidade de estudar os seus hábitos de primeira man, como pode facer Flitz. No entanto, sei que todos os poemas que teño visto mencionan os reiseñores e, en consecuencia, e como é perfectamente natural, a impresión que isto me deixou é que sempre andan voando por aí. Pero non me gusta o ton de Flitz, e non me gustará nunca. Certo é que nunca llo vin facer, pero sempre ten un a intuición de que se está a rir del; hai distintas maneiras de se rir, e non todas son á cara. Canto á política, se como oficial non me estivese vetado aludir a ela e acabase falando do tema con el, non me cabe a menor dúbida de que todas as nosas discusións acabarían en duelo. É dicir, se el aceptase loitar. Acábame de pasar pola cabeza a terrible sospeita de que non o faría. É unha desas persoas deplorables que ocultan a súa covardía baixo o manto da filosofía. Ben, ben, vexo que me estou anoxando cun home que está a cen millas de distancia e a quen hai meses que non vexo... eu, un home de mundo sentado na serenidade do meu piso, rodeado de obxectos domésticos como a miña esposa, a miña camisa e o meu petisco de pan con xamón. É isto razoable? Abofé que non. Cambiemos de tema.

En resumidas contas, pois, tras a nosa visita a *graf* Flitz e á súa irmá o pasado mes de xuño volvemos para a casa decididos a sumarnos á viaxe de *frau* Von Eckthum e non pouco entusiasmados coa perspectiva. Cando fala, é do máis persuasiva. Falou máis nesta ocasión do que falou despois, pero, por suposto, para iso había razóns que talvez expoña, ou non. Edelgard escoitou cunha especie de arrebatado interese as súas pintorescas descrições, ou máis ben profecías, pois ela non viaxara así nunca, sobre os praceres da vida campista. E quero que quede ben claro que foi Edelgard, que agora adoptou a

liña de lle dicir á xente que fun eu, quen, obviando a súa habitual cautela, se deixou levar e decidiu pedirlle a *frau* Von Eckthum que escribise e alugase outra carreta para nós sen agardar a que eu falase.


*Frau* Von Eckthum riu e dixo que estaba segura de que nos había gustar. Flitz, pola súa parte, fumaba en silencio. E Edelgard desenvolveu unha súbita elocuencia sobre fenómenos naturais como as lúas e as papoulas que sería digna de eloxio nunha moza nova e sentimental.

—Ai, pensar na sombra dun maxestoso bidueiro —dixo, por exemplo, e até entrelazou as mans—, cos raios do sol poñente a atravesar as súas pólas mentres unha borda!

E dixo outras cousas do estilo, cousas que fixeron que eu, que sabía que ía facer trinta anos, a mirase cun fondo abraio.







ESTE LIBRO SAÍU DO PRELO O PRIMEIRO DE  
AGOSTO DE 2024, O MESMO DÍA EN QUE O BARÓN  
VON OTTRINGEL SE INICIOU NO CARAVANISMO

